

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

*Orde do 17 de xullo de 2006 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas.*

Correspóndelles ás administracións públicas a promoción das actividades físicas e deportivas entre a poboación. A Xunta de Galicia, conforme o sinalado no Estatuto de autonomía de Galicia, arrógase a competencia sobre a promoción deportiva (artigo 27.22º), sendo a Consellería de Cultura e Deporte, a encargada de asumir, para estes efectos, a promoción do deporte e da práctica deportiva na Comunidade Autónoma de Galicia.

Un dos obxectivos da Dirección Xeral para o Deporte é acadar, a través dos seus proxectos, a xeneralización da práctica deportiva e a consolidación da igualdade de oportunidades no deporte, en particular con políticas que incidan na promoción con colectivos de discapacitados, que promovan a incorporación das mulleres á práctica deportiva e o fomento dos deportes minoritarios entre a poboación. Así mesmo, estes obxectivos pódense acadar coa participación doutras administracións públicas, entre elas a Administración local, sobre todo tendo en conta as especiais circunstancias do asentamento da poboación galega, na súa maioría en pequenos núcleos, que dificultan a programación destas actividades e encarecen o seu desenvolvemento.

Nos orzamentos xerais da Consellería de Cultura e Deporte existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 12.04.355A.460.0.

Tendo en conta todo isto, a Consellería de Cultura e Deporte convoca, ao abeiro desta orde, axudas económicas para o desenvolvemento de programas deportivos nos concellos galegos que realicen proxectos de actividades deportivas con colectivos de discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais, e promovan o deporte feminino así como os deportes minoritarios.

Por todo o exposto,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade e réxime das subvencións.

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a sufragar parcialmente a realización por parte dos concellos de Galicia de proxectos que promovan o deporte feminino, os deportes minoritarios e actividades deportivas con colectivos de discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais.

2. A concesión das axudas previstas nesta orde realízanse con cargo á aplicación 12.04.355A.460.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma galega para o ano 2006, cun límite de 200.000 €.

Artigo 2º.-Beneficiarios e contía.

1. Poderán ser beneficiarios os concellos de Galicia que, logo de solicitude, resulten seleccionados segundo o establecido nesta orde.

2. As actividades obxecto de subvención nesta orde son:

a) Programas destinados ao fomento de actividades deportivas dirixidas a discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais.

b) Programas de fomento do deporte feminino.

c) Programas de fomento dos deportes minoritarios.

Son subvencionables os programas de actividades que se executen no último semestre do ano 2006.

Artigo 3º.-Solicitudes, documentación e prazo.

1. As solicitudes de subvención formularanse nos impresos oficiais, segundo o modelo que se xunta como anexo á presente orde. Deberán dirixirse ás delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, e presentaranse nestas por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Proxecto das accións deportivas que se vaian desenvolver.

b) Obxectivos da actividade que se vai realizar.

c) Datas, lugares e horarios da actividade.

d) Cualificación e número de técnicos das actividades.

e) Orzamento detallado de ingresos e gastos dos programas para os que se solicita subvención.

f) Certificación expedida polo secretario do concello do acordo polo que se solicita a subvención e se aceptan as condicións e os requisitos establecidos nesta orde, así como de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) Declaración do responsable do concello de todas as solicitudes de subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto doutras administracións ou entes públicos.

h) Fotocopia do CIF do concello.

3. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 4º.-Comisión avaliadora.

1. Unha vez recibida a documentación das solicitudes de subvención, a Dirección Xeral para o Deporte convocará á comisión avaliadora, que estará formada polas seguintes persoas:

a) Presidente: o subdirector xeral de Deportes, ou persoa en quen delegue.

b) Vogais:

-Os delegados provinciais da Consellería de Cultura e Deporte.

-O xefe do Servizo de Coordinación Deportiva.

-Os xefes dos servizos de Deportes das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte.

c) Secretario: un funcionario da Dirección Xeral para o Deporte.

2. Serán funcións da comisión avaliadora:

a) Avaliar as solicitudes presentadas e a documentación achegada polas entidades beneficiarias.

b) Efectuar as propostas de concesión de subvencións, elevándoas ao director xeral para o Deporte, para a resolución definitiva.

O secretario levantará a correspondente acta de cada sesión da comisión.

3. Unha vez estudadas pola comisión avaliadora as documentacións dos solicitantes, a Dirección Xeral para o Deporte poderá presentarlles ás distintas entidades os reparos ou obxeccións que crea necesarios para axustalas aos obxectivos desta orde, co fin de que se realicen as oportunas correccións nun prazo de dez días hábiles a partir da data de notificación. Se así non se fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución e notificación, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5º.-Criterios de concesión.

Para efectuar as propostas de concesión de subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 100 puntos:

1. Relevancia das actividades que se vaian desenvolver, ata un máximo de 20 puntos.

2. Novidade dos programas, ata 10 puntos.

3. Ámbito e número de participantes nas actividades, ata 20 puntos.

4. Periodicidade e técnicos responsables, ata 20 puntos.

5. Orzamento total das actividades, ata 20 puntos.

6. Porcentaxe de axuda solicitada sobre a totalidade do custo do programa, ata 10 puntos.

As axudas correspondentes ao presente programa poderán ser concorrentes con subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados. Non se concederán axudas por un importe superior ao 50% do custo dos programas subvencionados.

Artigo 6º.-Resolución e comunicación.

O órgano competente para a resolución das subvencións establecidas na presente orde, será o director xeral para o Deporte, ao abeiro do disposto no artigo 3.2º da Orde do 15 de novembro de 2005, pola que se modifica a do 27 de setembro de 2005, sobre delegación de competencias da Consellería de Cultura e Deporte, en relación co artigo 2 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A resolución das subvencións seralles notificada aos solicitantes nun período de cinco meses, contados desde o día seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Esgotado este prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente.

As resolucións das axudas poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión, logo de instrución do correspondente expediente e tras a audiencia ao interesado.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Caberá interpoñer recurso potestativo de reposición de acordo cos artigos 116 e 117 da devandita lei.

O recurso contencioso-administrativo rexerese pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; poderá interpoñerse no prazo de dous meses a partir do día seguinte da resolución ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 7º.- Xustificación e aboamento das subvencións.

Unha vez rematada a actividade, as entidades beneficiarias das axudas poderán xustificar o cumprimento da actividade subvencionada. Sen prexuízo

do anteriormente sinalado, o prazo máximo para a presentación da xustificación será o 15 de novembro de 2006. O incumprimento deste prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación de tales créditos.

As xustificacións de aboamento das subvencións presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, nos rexistros das súas delegacións provinciais ou no rexistro da Dirección Xeral para o Deporte acompañadas dos seguintes documentos:

1. Certificación expedida polo secretario do concello co visto e prace do alcalde-presidente, na cal conste unha relación detallada do gasto en que se especifiquen os perceptores, co número de CIF ou NIF, contía e motivo, segundo o proxecto aprobado.

2. Facturas orixinais do gasto en que se incorreu.

3. Unha memoria formalmente estruturada da actividade realizada (relación de actividades, datas, número de participantes, técnicos e resultados deportivos acadados).

4. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

5. Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os concellos que resulten beneficiarios das subvencións concedidas ao amparo da presente orde virán obrigados a:

a) Non poderán modificar o programa aprobado da actividade subvencionada sen a expresa autorización da Dirección Xeral para o Deporte.

b) Comunicarlle á Dirección Xeral para o Deporte a obtención de subvencións ou axudas para as mesmas finalidades, procedentes de calquera administración ou de entes públicos.

c) Facilitarlle á Dirección Xeral para o Deporte, a comprobación e control das actividades que se subvencionan con cargo a esta orde.

Os beneficiarios de subvención quedan sometidos ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda e ás previstas na lexislación do Consello de Contas ou do Tribunal de Contas, así como ao previsto no artigo 14 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

d) Facer constar obrigatoriamente en toda a publicidade xerada polas actividades obxecto de axuda que se recibiu subvención da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral para o Deporte, utili-

zando para iso, e de forma clara e visible, os logos e símbolos institucionais Deporte Galego e Consellería de Cultura e Deporte-Dirección Xeral para o Deporte, dispoñibles ao efecto na páxina web: [www.deportegalego.es](http://www.deportegalego.es)

e) A adoptar as seguintes medidas de identificación, información e publicidade da subvención concedida:

-A utilización do galego nos medios de información e comunicación do concello, referidos ás actividades obxecto de subvención.

-A colocación dunha pancarta co logotipo da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral para o Deporte, nas instalacións onde se desenvolvan as actividades.

Artigo 9º.-Supostos de reintegro.

No caso de que o beneficiario da subvención incorra nalgún dos supostos recollidos no artigo 19 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e do artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, procederase de conformidade co establecido nos ditos preceptos. Neste caso, o beneficiario non poderá solicitar outra subvención mentres non sexa devolta a anterior.

Artigo 10º.-Réxime xurídico das axudas.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11º.-Lexislación aplicable.

Nos aspectos non contidos nesta orde, haberá que aterse ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro), no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, resultando de aplicación supletoria para todo o non previsto nas citadas normas o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normas de xeral aplicación.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral para o Deporte para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o mellor desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte

## ANEXO



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA**  
**E DEPORTE**

PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AOS CONCELLOS DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CD942A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

DON / DONA		DNI	
COMO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE		CIF	
ENDEREZO EN			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
COA CONTA BANCARIA Nº (SINÁLENSE TODOS OS DÍXITOS)		DA ENTIDADE BANCARIA	
CON ENDEREZO EN			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	

## SOLICITA SUBVENCIÓN PARA:

- Programas destinados ao fomento de actividades deportivas dirixidas a discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais.
- Programas de fomento do deporte feminino.
- Programas de fomento dos deportes minoritarios.

Resumo explicativo da actividade \_\_\_\_\_

Solicita subvención de \_\_\_\_\_ euros.

## DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

- |   |   |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> PROXECTO DAS ACCIÓNS DEPORTIVAS QUE SE VAIAN DESENVOLVER.                                  | <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLO SECRETARIO DO CONCELLO DO ACORDO POLO QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN E SE ACEPTAN AS CONDICIÓN E OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NESTA ORDE, ASÍ COMO DE NON ESTAR INCURSO NAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO SINALADAS NO ART. 13 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIÓNS. |
| <input type="checkbox"/> OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR.  | <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CONCELLO DE TODAS AS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTES PÚBLICOS.  |
| <input type="checkbox"/> DATAS, LUGARES E HORARIOS DA ACTIVIDADE.   | <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO CIF DO CONCELLO.  |
| <input type="checkbox"/> CUALIFICACIÓN E NÚMERO DE TÉCNICOS DAS ACTIVIDADES.  |   |
| <input type="checkbox"/> ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS E GASTOS DOS PROGRAMAS PARA OS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN. |   |

## DECLARO:

Que todos os datos que contén a presente solicitude se axustan á realidade, e comprométome a cumprir os requisitos establecidos na convocatoria e facilitar a información e documentación que se solicite.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 17 de xullo de 2006 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións as concellos de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  _____ de _____ de 2006

(A cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		/ /
		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

*Orde do 18 de xullo de 2006 pola que se declara de interese galego a Fundación Luso Galaica e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

Con data do 10 de xullo de 2006 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 21 de xuño de 2006, pola que se clasifica de interese cultural a *Fundación Luso Galaica*, adscribíndoa á Consellería de Cultura e Deporte, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Esta fundación, de acordo co establecido no artigo 6 dos seus estatutos, ten como obxecto o turismo, cultura, gastronomía, cursos de formación a mulleres e homes, desenvolvemento da economía, intercambio empresarial, e todo o relacionado co interese de promoción de Galicia e Portugal.

Por iso, en virtude das competencias que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e segundo o establecido no artigo 8 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, e no artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño,

#### DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a *Fundación Luso Galaica* xa que os seus estatutos cumpren as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da *Fundación Luso Galaica* no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Cultura e Deporte, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro.

Terceiro.-A dita fundación queda sometida ao disposto na normativa de xeral aplicación, en especial, á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos. Tamén queda obrigada a renderlle contas anualmente ao protectorado e a xustificar, a través dunha memoria anual, o cumprimento da finalidade fundacional, así como a presentar o proxecto de orzamento, con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o que se formula e a solicitar as preceptivas autorizacións do protectorado.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 27 de xullo de 2006 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.*

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, reformada polas leis 4/1991, do 8 de marzo, e 3/1995, do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificios administrativos de San Caetano, 15711 Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirle á petición un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira sinalada no parágrafo anterior non se terán en conta.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde, un/ha funcionario/a con destino noutras administracións, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizos, considerándose favorable de non emitirse no prazo de quince días, segundo o preceptuado no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma procederase a adxudicarlle o posto para o que foi seleccionado. Se no prazo de dous meses a partir da publicación no DOG, o/a funcionario/a seleccionado/a non se puidese incorporar á comunidade autó-